

## RESOLUCIÓN

### Aprobación de Bases para un concurso en Facebook dentro da campaña de Nadal 2019

O comercio é un dos sectores da economía local con maior dinamismo pero tamén un dos que máis sofre as consecuencias da competencia de grandes áreas comerciais e a proximidade do concello a vilas cunha ampla oferta de actividades de ocio asociadas ao consumo, especialmente durante a campaña de Nadal.

É por isto que desde a Concellaría de Promoción Económica se propón articular estratexias para evitar o fluxo de compradores cara outras zonas e atraer consumidores e visitantes, tanto para o sector comercial como para outros sectores relacionados, coincidindo coa programación de actividades de Nadal.

Considérase adecuado desenvolver un conxunto de actuacións de promoción, encamiñadas a dinamizar a actividade económica local ao tempo que se ofrece unha imaxe de unidade do sector comercial e implicación coas iniciativas da administración local e se premia a fidelidade dos clientes.

Por todo o anterior, RESOLVO:

Aprobar as Bases para a celebración dun concurso no Facebook de Turismo Carballo dentro da campaña de promoción do comercio local durante o Nadal 2019, que se transcriben a continuación:

#### **BASES DO CONCURSO DE FACEBOOK DENTRO DA CAMPAÑA DE NADAL 2019**

##### OBJECTO DO SORTEO:

O Concello de Carballo, dentro do programa de dinamización e promoción da actividade económica local durante a campaña de Nadal, organiza un concurso na rede social Facebook de Turismo Carballo (<https://www.facebook.com/turismodecarballo/>), co obxecto de estimular o papel dinamizador e revitalizador que ten o comercio local entre a poboación.

Trátase de fomentar o consumo local no comercio de proximidade, contribuíndo a diferenciarlo dos seus principais competidores, con actividades de dinamización que buscan ofrecer ao cliente unha atención personalizada, premiando a súa fidelidade.

##### PARTICIPACIÓN:

Poderán participar no concurso as persoas maiores de idade que realicen un mínimo dunha compra por un importe superior a 20 euros en establecementos que participen na campaña de promoción do comercio local que organiza o Concello de Carballo durante o Nadal. Os clientes terán á súa disposición tarxetas nos establecementos indicados e con cada compra superior a 20 euros que realice, o establecemento selará dita tarxeta.

Cando se posúa unha tarxeta cun mínimo dun selo, poderase participar no concurso de Facebook que terá lugar entre o 19 de decembro de 2019 e o 4 de xaneiro de 2020 (inclusive). Tamén deberán darlle "me gusta" ao xa mencionado Facebook de Turismo Carballo (<https://www.facebook.com/turismodecarballo/>) e darlle "me gusta" ás publicacións incluídas no concurso.

Para conseguir o premio os e as participantes no concurso deberán observar unha imaxe dun puzzle e acertar a peza que falta deste crebacabezas, de entre varias pezas numeradas que están á súa disposición na publicación correspondente. As cinco primeiras persoas que escriban un comentario e

**CONCELLO DE CARBALLO**  
C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2019/X999/001763  
Exp. 2019/G003/003660

acerten a peza que falta do puzzle levarán o premio directo, que consiste nunha libreta ilustrada con murais do proxecto de arte urbana Derrubando muros con pintura.

Só se poderá comentar unha vez en cada publicación. En caso contrario, a persoa quedará automaticamente descalificada do concurso.

O persoal da área de Promoción Económica do Concello de Carballo poñerase en contacto coas persoas gañadoras a través da aplicación Messenger do Facebook. A partir dese momento, poderanse recoller os premios no Museo de Bergantiños, presentando documento de identidade, no seguinte enderezo e horarios:

Museo de Bergantiños  
Rúa Martín Herrera, 8. 15100 Carballo  
Tlf: 981702077

Horario:

- De martes a venres, de 11.00 a 14.00 e de 16.30 a 19.30.
- Sábados e os domingos de feira de 11.00 a 14.00.
- Domingos non feirados e luns, pechado.

En ningún caso poderán participar os propietarios de establecementos comerciais participantes na campaña.

*Os datos de carácter persoal recollidos serán tratados de acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos. O Responsable de Tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); contacto: [lopdc@carballo.gal](mailto:lopdc@carballo.gal). Estes datos recóllense temporalmente coa finalidade de valorar as candidaturas á convocatoria de premios.*

A participación no concurso implica a aceptación destas bases.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

José Villán Fuertes